

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA PARA A ENTRADA EN VIGOR DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Mediante a resolución do 2 de decembro de 2021 (DOG do 21) acordouse a publicación da relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos; no seu apartado segundo confería á Xerencia a potestade de ditar as instrucións necesarias para dar efectos á citada relación de postos, establecendo que estes debían ser posteriores ao remate da primeira convocatoria do proceso de funcionarización.

Na actualidade, esta primeira convocatoria está concluída e previsto que as persoas que a superaron tomen posesión como persoal funcionario de carreira o 1 de novembro de 2022.

Considerando estes feitos e razóns técnicas e organizativas

ESTA XERENCIA RESOLVEU: fixar o 1 de novembro de 2022 como data de execución e efectos plenos da relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos, publicada no Diario Oficial de Galicia do 21 de decembro de 2021.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 31 de outubro de 2022

A Xerenta,